

Soares Isidoro, Ivonete	45957361-A
López Rodríguez, Raquel	32680366-B
Meléndez Cabo, Marina	44483736-B
Giráldez Arias, Isabel	44468612-K
Castro González, José Luis	32843022-B
Vidal Fernández, Alba	36095737-C
Simón Camarero, Raquel	36088636-A
Losada Cid, Lidia	44447790-Z
Raña Tomé, Natalia	46918141-G
Bañal Teijido, M ^a Luz	32693840-F

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se conceden axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en actividades desenvolvidas ao abeiro de proxectos aprobados no marco da iniciativa comunitaria Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o ano 2007.

Por orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 28 de setembro de 2007 (*Diario Oficial de Galicia* do 8 de outubro), convocáronse axudas económicas para alumnos e profesores de centros docentes que participen en actividades desenvolvidas ao abeiro de proxectos aprobados no marco da iniciativa comunitaria Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013, e que se realicen durante o ano 2007.

Vista a proposta da comisión de selección prevista no artigo 6 da devandita orde,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder, con cargo ao concepto orzamentario 09.03.422N.480.1, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, as axudas que se relacionan no anexo.

Segundo.-De conformidade co artigo 8 as axudas serán aboadas da seguinte forma:

As axudas aboaranse unha vez rematada a actividade e logo da súa completa xustificación económica e entrega da memoria de actividades de acordo co establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, achegando a documentación a que fai referencia o artigo 8, no prazo máximo quince días naturais contados a partir do remate das actividades. En todo caso, a xustificación e memoria deberá entregarse antes do 15 de decembro de 2007.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Axudas concedidas:

Centro	Localidade	Concello	Título do proxecto	Axuda concedida
IES Luis Seoane	Pontevedra	Pontevedra	Inserción laboral na rede europea	3.163,00 €
IES A Xunqueira	Pontevedra	Pontevedra	Iniciativas europeas para automoción	2.619,00 €
IES A Pinguela	Monforte de Lemos	Lugo	Formación profesional europea en tecnoloxías da información	2.127,50 €
			Total	7.909,50 €

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se modifica a do 8 de agosto, pola que se modifican os concertos educativos cos centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de garantía social, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior.

Por Orde do 8 de agosto de 2007 (DOG do 29 de agosto) publícase a relación de todos os centros docentes privados de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, educación especial, programas de garantía social, ciclos formativos de grao medio e ciclos formativos de grao superior, acollidos ao réxime de concertos educativos.

Vistos a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de normas básicas sobre concertos educativos e a Orde do 10 de xaneiro de 2005, pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 2005-2006.

Tendo en conta que o artigo 46 do antedito Real decreto 2377/1985, establece as causas que darán lugar á modificación do concerto educativo.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, previo informe da Dirección Xeral de Formación profesional e Ensinanzas Especiais,

DISPÓN:

Primeiro.-Modificar os concertos educativo referidos aos centros docentes privados de formación profesional que se relacionan no anexo desta orde.

Segundo.-A addenda ao documento administrativo de formalización de concerto educativo será asinada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria e polo titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada.